

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (SEDE PROVINCIAL DE OURENSE), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO E ACOMPAÑAMENTO E ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE, NO HOSPITAL PÚBLICO DE VALDEORRAS E NO HOSPITAL PÚBLICO DE VERÍN (ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 30 de xaneiro do 2026, coa Asociación Española Contra o Cancro o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dun ano dende o día seguinte ao da sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga

Que o instrumento convencional ten por obxecto que o Servizo Galego de Saúde, poña a disposición da Asociación Española Contra o Cancro (en adiante AECC), tanto no Hospitalario Universitario de Ourense como no Hospital Público de Valdeorras e no Hospital Público de Verín, os recursos necesarios para poder nestes centros desenvolver os programas denominados "Apoyo e Acompañamento" e "As Actividades de Voluntariado".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de "utilidade pública" en 1970, cuxo fin principal é loitar contra o cancro en tódalas posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información e de carácter sanitario ou asistencial.



Que o Decreto 145/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á consellería competente en materia de Sanidade, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o Servizo Galego de Saúde, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñecen o importante papel da AECC. Por elo, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, están interesados en colaborar coa AECC.

Que a xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, incorpora entre os seus obxectivos o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociación do eido sanitario.

Os programas teñen por obxectivo facilitar de maneira inmediata a obtención da información necesaria, dos recursos existentes para a atención psicolóxica, social, informativa puntual e/ou específica aos pacientes e as pacientes recentemente diagnosticados de cancro e os seus familiares, en relación a situación da súa enfermidade: Identificando as necesidades do enfermo/a e/ou familiar rapidamente unha vez diagnosticado; Avaliando o grao de malestar que presentan as persoas enfermas e os seus familiares tras recibir o diagnóstico; e Favorecendo o acceso aos diversos servizos que sexan mais axeitados e que se axusten as súas necesidades

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

